


ANTÓN FRAGUAS,

do local ao universal



Loureiro é unha parroquia. Ten por patrón a Santiago. Eu nacín nun barrio que se chama Insuela...Era un lugarciño; era e é. Agora ten poucos veciños, pero tivo ata vinte veciños. Estaba dividido en tres partes; eu pertencía ao Quinteiro de Abaixo.

Notas dunha conversa con Antonio Fraguas.
Xosé M. González Reboredo.



Hai biografías nas que se pode rastrexar a historia dun país: a do noso protagonista é unha delas. Antonio Fraguas Fraguas naceu en 1905 na parroquia de Loureiro, que pertence ao que hoxe é o concello de Cerdedo-Cotobade. Aínda que seu pai quería levalo para Brasil e convertelo en maquinista de trens, os libros axiña se cruzaron na vida do rapaz.



ACTIVIDADE

E xa que falamos dunha das parroquias de Cerdedo-Cotobade, proba a atopar nesta sopa de letras estovtras oito:

BORELA, CARBALLEDOS, CAROI, PEDRE,
QUIREZA, TENORIO, TOMONDE e VIASCÓN

U	T	E	D	N	O	M	O	T	T	M	C
E	B	C	A	R	B	A	L	L	E	D	O
R	C	A	R	O	I	D	K	P	N	U	J
D	G	D	E	K	S	M	Y	M	O	O	K
E	V	I	A	S	C	O	N	B	R	K	D
P	A	Z	E	R	I	U	Q	T	I	C	Z
V	U	B	O	R	E	L	A	M	O	Y	M

Seguindo o consello dun mestre que viu as súas capacidades, a familia decidiu quedar en Galicia e facilitarlle, con moito esforzo, unha carreira académica: algo que era un auténtico privilexio xa que a maioría dos rapaces e rapazas daquel tempo apenas podían cursar os estudos máis básicos. O alumno Fraguas demostrou que a aposta familiar non fora en balde. Despois de cursar estudos medios en Pontevedra, partiu cara a Santiago para facer filosofía e Letras. Alén de rematar con éxito os anos de universitario, axiña estableceu fortes lazos cos principais intelectuais da época a través do Seminario de Estudos Galegos, unha prestixiosa institución creada para estudar e divulgar o noso patrimonio cultural.



ACTIVIDADE

Cerdedo-Cotobade posúe un rico patrimonio histórico-artístico. Agora imos poñerte a proba: unha das imaxes non pertence a este concello, sabes cal é?



Pazo de Lavandeiras



Conxunto Etnográfico
da Eira da Pena



Porteliña da Corte



Casa da Braña



SABÍAS QUE...

Trafa súa morte, creouse a Fundación Antonio Fraguas no Museo do Pobo Galego. A fundación ten o obxectivo de proxectar, conservar e dinamizar o patrimonio que Fraguas e toda a xeración por el representada crearon e rescataron para a conservación futura da memoria de Galicia

Con 27 anos aproba as oposicións á cátedra de Xeografía e Historia do Instituto da Estrada. Tampouco é alleo ao momento social e político. Dende a súa militancia galeguista, fai campaña a favor do Estatuto de Autonomía e participa na política local. En 1936, o golpe de estado desencadea a guerra civil e a posterior ditadura. A modo de represalia, as novas autoridades expúlsano do sistema educativo. Anos despois volverá gañar a praza de docente.



A pesar de que os tempos son duros, prosegue co seu infatigable traballo cultural: participa en escavacións arqueolóxicas, recolle costumes e tradicións populares e escribe artigos e libros para divulgar os seus coñecementos. O seu nome é xa unha referencia. En 1951 a Real Academia Galega noméao membro de pleno dereito. No discurso de ingreso podemos comprobar que boa parte do seu corazón e da súa cabeza permanecían nas terras que o viron nacer: "Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán (Coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade)".

Xubilado do ensino, Fraguas emprega o seu tempo libre en redobrar o seu compromiso co país. Sopran ventos novos. A chegada da democracia abre tamén as portas ao autogoberno de Galicia e el estará sempre na vangarda, axudando a construír institucións tan insignes como o Museo do Pobo Galego ou o Consello da Cultura Galega. Tamén publica ensaios sobre a literatura popular, as romarías e as festas nos que demostra os seus sobresáintes coñecementos antropolóxicos e históricos, entre eles o libro *Aportacións ó cancionero de Cotobade*, que sae á luz en 1985.



Os derradeiros anos da súa vida son dun gran recoñecemento social. Recibe múltiples premios e consideracións. A modo de homenaxe, diferentes centros escolares, rúas e prazas de todo o país levan o nome de Antonio Fraguas. O 5 de novembro de 1999 falecía en Santiago de Compostela un home que dende a modestia e o amor infinito a Galicia conseguiu pasar á súa historia.



**XUNTA
DE GALICIA**



**CONCELLO DE
CERDEDO-COTOBADÉ**